

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

RESOLUCIÓN do 10 de abril de 2018, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se publica a orde de prelación e a puntuación definitiva obtidas polas persoas aspirantes admitidas nas listas para a formalización de nomeamentos estatutarios temporais de enfermeiro/a especialista en enfermaría familiar e comunitaria do Sistema público de saúde de Galicia.

Por Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde do 22 de xuño de 2017 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 126, do 4 de xullo), abriuse o prazo para a inscrición de aspirantes nas listas para vinculacións temporais no ámbito do Sistema público de saúde de Galicia na categoría de enfermeiro/a especialista en enfermaría familiar e comunitaria.

Na devandita resolución prevese unha xeración de listas coas persoas inscritas ata o 31 de agosto de 2017 que cumpran os requisitos determinados na anterior resolución.

Mediante Resolución do 12 de decembro de 2017 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 240, do 20 de decembro), publicáronse os resultados provisionais de baremación dos/das aspirantes admitidos/as, coa asignación do número de orde e as puntuacións provisionais obtidas.

Finalizado o prazo previsto no punto terceiro da citada resolución e analizadas as reclamacións presentadas, este centro directivo, de conformidade co punto sétimo da Resolución do 22 de xuño de 2017,

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar a orde de prelación e a puntuación definitiva obtidas polas persoas aspirantes admitidas nas listas para a formalización de nomeamentos estatutarios temporais no ámbito do Sistema público de saúde de Galicia na categoría de enfermeiro/a especialista en enfermaría familiar e comunitaria.

Segundo. As listas co número de orde e a puntuación definitiva obtida polas persoas aspirantes admitidas atópanse publicadas, á disposición das persoas interesadas, na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).



Ademais, o estado de cada solicitude pode ser consultado polo/a aspirante no seu expediente electrónico persoal en Fides/expedient-e/sección de procesos.

Terceiro. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte á súa publicación, de conformidade co establecido nos artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Potestativamente, e con carácter previo, poderase interpoñer recurso de reposición ante este mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á súa publicación.

Cuarto. As listas entrarán en vigor con efectos do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2018

Margarita Prado Vaamonde
Directora xeral de Recursos Humanos

